

Curso Intensivo de Lingua de Signos Inicial (1 ao 26 xuño) - 2014-2015

Información da convocatoria

Tipo	CURSO INTENSIVO DE LINGUA DE SIGNOS INICIAL
Código	V15.NT.LSE.INI
Nome	Curso Intensivo de Lingua de Signos Inicial (1 ao 26 xuño)
Curso académico	2014-2015
Nível	INICIAL
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	50.00

Descrición

Curso Intensivo de lingua de signos española de **Nível Inicial impartido en Vigo**

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	10/04/2015 - 27/05/2015
Período de docencia	01/06/2015 - 26/06/2015

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	9
Número máximo de participantes	15
Horas ECTS	50
Validación LE	2

Destinatarios

Público en xeral maior de 16 anos interesado en completar a súa formación en lingua de signos española sen coñecementos previos da lingua de signos español.

Calendario

Luns a venres de 09.30 a 12.00 horas. **Facultade de Filoloxía e Tradución- Aula Newton 13**

Programa

NIVEL DE INICIACIÓN

1. As linguas orais e as linguas signadas. Feitos e mitos sobre a lingua de signos e as persoas xordas.
2. Aspectos culturais.
3. Comunidade xorda: tradicións, costumes, o movemento asociativo...
4. Cultura xorda: o sinal, valores culturais...
5. A educación das persoas xordas.
6. Materiais sobre LSE (dicionarios, gramáticas, glosarios, páxinas web de xordos)
7. Contidos gramaticais: o alfabeto dactilolóxico, os pronomes, os verbos, a expresión do xénero e do número, as oracións interrogativas, as oracións negativas, os clasificadores, etc.
8. Contidos funcionais.
9. Saudar e despedirse. Identificarse.
10. Dar información persoal e preguntar os datos persoais aos demais.
11. Describir persoas (trazos faciais e corporais) e lugares.
12. Falar sobre os nosos gustos, aficións, ...
13. Opinar sobre temas diversos como o acceso ao traballo, a igualdade de oportunidades entre xordos e oíntes, as barreiras de comunicación, etc.
14. Contidos léxicos: saúdos, as cores, os números, os días da semana, os meses do ano, as profesións, a familia, a cidade, a casa, os medios de transporte.

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	195.00 €
Público en xeral	240.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Transferencia bancaria
Tarxeta bancaria

Impartido en

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución - NEWTON 13

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a inscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tes dúas posibilidades:

- Pago con tarxeta
- Transferencia ou ingreso en efectivo no **Banco Santander**:
 - Número de conta 0049 6141 98 2510007984
 - Código Swift: BSCHEMXXXX
 - IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
4. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
 - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado,

sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.

- Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.

5. En ningún caso devolveráse o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.

